

O primeiro proxecto do Fondo Galego en Guinea-Bissau conclúe con avances no combate da Covid

A Rexión de Cacheu dedicou os 10.000 euros recibidos a espallar a prevención e garantir a alimentación de 1.240 familias co apoio de 72 persoas voluntarias

Pontevedra, 29 de abril de 2021. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de pechar en Guinea-Bissau o proxecto que permitiu **reforzar a capacidade de resposta** do Goberno Rexional de Cacheu fronte a Covid-19. A asociación de concellos e deputacións destinou 10.000 euros a esta iniciativa, orzamentada nun total de 12.308 euros, que durante os seus seis meses de vixencia permitiu **reducir levemente a incidencia do coronavirus** na zona, en boa medida grazas ao compromiso de máis de 70 persoas voluntarias.

A intervención coordinouse desde o Centro Operativo de Emerxencia en Saúde, que distribuíu os **materiais de hixiene e protección** á poboación desfavorecida través dos 22 centros sanitarios dos sete sectores administrativos da rexión: Bigene, Bula, Cacheu, Caio, Calequisse, Canchungo e São Domingos. Deste xeito, proporcionáronse 2.500 máscaras, 630 barras de xabón, 612 bidóns de lexía, 72 baldes con billa e 80 botellas de xel hidroalcohólico.

A seguridade alimentaria era outra das principais preocupacións, dada a situación de crise e vulnerabilidade xerada pola pandemia, polo que se adquiriron **12.000 quilos de arroz** para garantir o sustento de 1.240 familias. Tratouse principalmente de persoas con discapacidade, maiores, mulleres embarazadas, e nais de nenas e nenos con desnutrición, identificadas tamén a través das estruturas sanitarias ou nas propias aldeas grazas ao voluntariado.

Tras recibiren a necesaria formación previa, as voluntarias e voluntarios resultaron fundamentais para concienciar sobre as medidas de prevención fronte ao SARS-CoV-2, de xeito que impartiron sesións de **sensibilización en 154 comunidades**. Ademais, realizaron máis de medio milleiro de accións de rúa megáfono en man, mensaxes que se sumaron ás emitidas polas **radios comunitarias nas diferentes linguas** locais. Xornalistas, axentes de saúde comunitaria, activistas da Cruz Vermella ou membros dos consellos consultivos locais integraron estes equipos de voluntariado, coordinados polos responsables da actuación.

Tratábase do primeiro proxecto de cooperación directa impulsado polo Fondo Galego en Guinea-Bissau, concretamente na segunda rexión máis afectada pola Covid-19. Os elevados índices de analfabetismo e pobreza multiplican as probabilidades de propagación do virus en

lugares como Cacheu, onde ademais as restricións decretadas para contelo dificultan a subsistencia dunha poboación xa carente de recursos. Estímase que máis de 40.000 persoas resultaron finalmente beneficiadas polas diferentes actividades desta intervención, que conseguiu superar mesmo os obstáculos ocasionadas polas fortes chuvias na zona. Deste xeito, contribuíuse ao logro dos [Obxectivos de Desenvolvemento Sostible](#), especialmente do ODS 3: Saúde e benestar, ODS 2: Fame cero e ODS 10: Redución das desigualdades.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 100 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, desde a súa fundación en 1997 o Fondo Galego ten desenvolvido uns 170 proxectos en 32 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

+info: <https://fondogalego.gal/o-fondo-galego-promove-cinco-proxectos-contra-o-covid-19-en-mozambique-e-guinea-bissau/>

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 616 145 077

comunicacion@fondogalego.org

